

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA A GASTOS DERIVADOS DO ABOAMENTO DUN COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL MUNICIPAL, ANTE A INEXISTENCIA DE CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE EN DETERMINADAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO VIXENTE ORZAMENTO XERAL 2020.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 21-2020, por un importe total de 87.037,34 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020, para dar cobertura a gastos derivados do aboamento dun complemento de produtividade ao persoal municipal, ante a inexistencia de crédito adecuado e suficiente en determinadas aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral 2020.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/1001 de data 08/11/2020, así como RCMOD Ref.: 2020/00102315, 2020/00102317, 2020/00102318, 2020/00102320, 2020/00102321, por importe de 87.037,34 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 87.037,34 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
93112.12000	21.955,78 €	23165.15000	2.988,50 €
93112.12101	12.368,28 €	23166.15000	7.369,46 €
93112.16000	16.400,00 €	23167.13002	1.328,16 €
13000.12100	20.000,00 €	23171.13002	4.913,99 €
33450.12004	13.313,28 €	32000.13002	7.899,48 €
		33211.13002	3.106,31 €
		33211.15000	4.218,44 €
		92400.13002	5.583,00 €
		92400.15000	4.200,00 €
		13600.15000	42.430,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	87.037,34 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	87.037,34 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac5501563953440932915.doc

Asunto: Decreto aprobación TC-21-2020 Productividade

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.